

Código do curso	PON-25-008
Denominación	CURSO DE OPERADOR/A DE CARRO ELEVADOR
Persoas destinatarias	Persoal operario da Deputación de Pontevedra e dos concellos adheridos ao Plan agrupado de formación continua cuxos postos de traballo precisen do manexo de carros elevadores
Participantes por edición	15
Número de horas	20
Lugar e datas	Pontevedra Do 23/06/2025 ao 30/06/2025 De luns a xoves, de 16:30 a 20:30 h
Metodoloxía	Teórico-práctica
Obxectivos	Adquirir os coñecementos necesarios para manexar correctamente o carro elevador
Contido	Formación teórica 1.1. Información sobre o carro para utilizar 1.2. Mentalización xeral sobre riscos, accidentes, seguridade laboral etc. 1.3. Conceptos básicos de uso habitual 1.4. Normativa básica (seguros e responsabilidades), incluído o coñecemento da norma UNE 58451:2016. 1.5. Símbolos e pictogramas. 1.6. Descrición xeral das partes da máquina e dos equipos utilizados. Terminoloxía. Diferenzas esenciais respecta ao automóbil. 1.7. Elementos habituais da máquina: mandos 1.8. Implicacións debidas á contorna de traballo (emisións, nivel sonoro, compatibilidade electromagnética, atmosferas perigosas etc.), estado de pavimentos e chans, chans consolidados, portas, montacargas, ramplas e pendentes, cables eléctricos, peiraos de carga. Condicións dos lugares de traballo segundo o Real decreto 486/1997 1.9. Operacións de carga de combustible (diésel, gasolina, gas), carga de baterías 1.10. Operacións típicas no uso diario da máquina 1.11. Carga nominal, carga admisible, centro de carga, altura de elevación, alcance de brazo, gráficos de carga

	1.12. Estabilidade do conxunto. Afectacións da estabilidade, tipos de rodas e pneumáticos, velocidade, tipos de dirección. Utilización de ramplas 1.13. Condución en baleiro e con carga, velocidade de desprazamento, tipos de dirección, radio de xiro, freado 1.14. Operacións de elevación, limitacións de carga por altura de elevación e por utilización de accesorios, visibilidade 1.15. Utilización de accesorios especiais para unidades de carga determinadas. Afectación á capacidade de carga admisible 1.16. Cargas oscilantes ou con centro de gravidade variable 1.17. Elevación de persoas. Límites e condicionantes en función do seu uso habitual ou excepcional 1.18. Tipos de andeis, sistemas de almacenaxe 1.19. Corredores de manobra, tráfico mixto con peóns 1.20. Utilización en vías públicas ou de uso común 1.21. Control diario de posta en marcha, comprobacións visuais e funcionais, freos, bucina etc. 1.22. Mantemento preventivo típico, rodas, niveis. 1.23. Manual do operador facilitados polo fabricante do equipo. 1.24. Equipos de protección individual, segundo a zona ou o tipo de traballo 1.25. Estacionamento da máquina en aparcadoiros 1.26. Procedementos para seguir no caso de situacións de risco, retención do operador, cinto de seguridade etc. Formación práctica 2.1. Coñecemento das partes da máquina, control visual de características, mantemento, mandos, placas, manuais 2.2. Comprobación de posta en marcha, dirección, freos, bucina etc. 2.3. Manobras sen carga, desprazamento en ambas as direccións, velocidades, xiros, freadas, utilización en ramplas 2.4. Manobras similares con carga 2.5. Carga e descarga de camións, colocación e retirada de cargas en andeis, amontado e retirada de cargas en superficie libre 2.6. Gráfico de cargas, comprobación das dimensións da carga. 2.7. Accesorios, pinzas, contedores, pescantes etc.
--	---

	2.8. Manobras extraordinarias, coma cargas de dimensións ou características fóra do normal pola súa lonxitude, forma; manexo dunha carga simultánea con dúas carretillas etc. (estes contidos axústanse aos establecidos na norma UNE 58451:2016. Formación das e dos operadores de carretillas de manutención ata os 10.000 kg)
--	---